

SAL. 010943 23.11.16 14:31

En aplicación do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, e considerando que se cumpre os presupostos esixidos por esta normativa, artigo 27, relativos a:

a) **Solicitud de órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas:**

A Facultade de Veterinaria imparte a titulación de Grao en Veterinaria, que recolle a posibilidade de que os alumnos/as realicen prácticas externas en institucións públicas ou privadas de ata 10 créditos ECTS, 250 horas (1 crédito por cada 25 horas), con carácter obrigatorio. Mediante estas prácticas preténdese que o alumnado desenvolva os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos seus estudos.

b) **Informe da unidade receptora de alumnos en prácticas.** (No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia)

Á vista do escrito do profesor D. Antonio González Cantalapiedra, investigador principal do *Grupo de Investigación (GI-1708)* da Universidade de Santiago de Compostela, de 1 de novembro de 2016, polo que manifesta a disposición do profesor D. Fernando M^a Muñoz Guzón a recibir a recibir 1 alumno/a en prácticas da titulación de Grao en Veterinaria, impartida na Facultade de Veterinaria,

Esta Reitoría resolve,

1. Autorizar a realización de prácticas académicas externas dos/as alumnos/as da titulación de Grao en Veterinaria da Facultade de Veterinaria nas instalacións do Grupo de Investigación (GI-1708) da Universidade de Santiago.
2. Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os/as alumnos/as poderán contemplar unha dedicación máxima de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas semanais, agás casos debidamente xustificadas. No caso das prácticas curriculares computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 250 horas, que establece o plan de estudo para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios/optativos segundo o establezan os planos de estudo.
 - As prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de xestión das prácticas do Centro ou órgano con competencias, de acordo coa dirección do Grupo de Investigación (GI-1708) e concretaranse nas convocatorias que realice a USC.
 - As prácticas a realizar polo alumnado da titulación de Grao en Veterinaria terán relación coas liñas de investigación nas que traballa o Grupo de Investigación (GI-1708).
 - Ningún alumno/a poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución, agás que o centro responsable da titulación autorice expresamente a realización das prácticas extracurriculares reguladas no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica e non implicarán ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinarán a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. No caso das prácticas curriculares optativas e extracurriculares os alumnos seleccionados deberán matricularse

- nos prazos establecidos na resolución de adxudicación das prácticas; de non facelo entenderase que desisten da súa realización. E cando se trate das prácticas curriculares obrigatorias ou das prácticas para a realización dos TFG/TFM é requisito necesario para a adxudicación das prácticas que o alumno estea matriculado previamente das materias vinculadas (prácticas externas obrigatorias, TFG ou TFM, segundo corresponda).
- Por cada alumno/a que realice as prácticas no Grupo de Investigación (GI-1708) deberán completarse os datos solicitados no *Modelo para cumplimentación dos datos específicos das prácticas académicas externas autorizadas por Resolución Reitoral a realizar por parte de estudantes desta Universidade*, que figura como anexo a esta resolución.
 - A Comisión de prácticas, ou con competencias nesta materia da titulación de Grao en Veterinaria, da Facultade de Veterinaria nomeará a un titor académico, que realizará o seguimento das prácticas dos estudantes. Así mesmo, o Grupo de Investigación (GI-1708) deberá nomear un titor desta área para supervisar as prácticas realizadas polo alumnado.
 - Ao finalizar cada período de prácticas cada estudante deberán desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final sobre o realizado
 - A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do titor/-ra académico/a, á vista da memoria final e do informe do titor/-ra de prácticas externo das dependencias nas que realizou as prácticas
 - Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
 - Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de Investigación (GI-1708) emitirá por cada estudante, que participase con regularidade nas prácticas externas, unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que, só surtirá efectos académicos, logo da avaliación do titor académico da USC
 - O alumnado menor de 28 anos segue baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de accidentes.
 - Para calquera situación non contemplada nesta Resolución estarase ao indicado no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2016

O Reitor



Juan M. Viaño Rey



ANEXO

MODELO PARA CUMPLIMENTACIÓN DOS DATOS ESPECÍFICOS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS AUTORIZADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL A REALIZAR POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE

CURSO ACADÉMICO 201...../201.....

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos na Resolución Reitoral do 16 de novembro de 2016 da Universidade de Santiago de Compostela que autoriza a realización de prácticas no Grupo de Investigación (GI-1708), e fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Curriculares Extracurriculares Traballo fin de grao/máster

2.- Estudante beneficiario

Apelidos e nome:

.....

DNI

O/a estudante declara estar ao corrente no pagamento do seguro escolar para menores de 28 anos ou ter contratado un seguro de accidentes no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional.

3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....

4.- Centro/Dependencia e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....

.....

5.- Titor académico:

D/Dona.....

con DNI.....

6.- Titor externo do Grupo de Investigación (GI-1708):

D/Dona.....

con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao

Nº total de días:Horas/día:

8.- O réxime de permisos será acordado polo Grupo de Investigación (GI-1708) e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte do Grupo de Investigación (GI-1708) as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

10.- O Obxectivo educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

1. Análise histomorfométrico de mostras histolóxicas.
2. Utilización do programa Adobe Photoshop no ámbito histolóxico.
3. Captura de imaxes dixitais.
4. Utilización do programa Image Pro-Premier.
5. Preparación de mostras óseas mediante a técnica de Donath.

12.- Sistemas de avaliación e control: O titor académico, á vista do informe do Grupo de Investigación (GI-1708) e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado exemplar, en....., a.....de.....de 201.....

O Titor Académico,	O Titor polo Grupo de Investigación (GI-1708),	O alumno/a,
Asinado:	Asinado:	Asinado: